

V CONVOCATORIA PARA AVALIAR A ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC (PROGRAMA DOCENTIA) PARA O CURSO ACADÉMICO 2014/2015

Co **Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente (DOCENTIA)**, a ANECA-ACSUG pretende satisfacer as demandas das universidades e a necesidade do sistema educativo de dispoñer dun modelo e duns procedementos con que garantiren a calidade do profesorado universitario e favoreceren o seu desenvolvemento e recoñecemento. Todo isto de acordo coas directrices previstas na reforma da LOU e en estreita colaboración coas axencias das comunidades autónomas, coas que asinou convenios de colaboración específicos para que desenvolvan o programa no ámbito territorial da súa competencia mantendo en todo momento a coherencia ao utilizaren un modelo común.

Na convocatoria do ano 2007 a Universidade da Coruña, xunto con outras 63 universidades españolas, presentou o Programa Docentia, aprobado no Consello de Goberno da UDC nas súas sesións do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da ACSUG lle outorgase un **INFORME POSITIVO** que lle permitiu comezar coa fase de implantación do seu deseño de avaliación da actividade docente con vistas á súa certificación pola ACSUG e a ANECA.

Como consecuencia disto nos cursos académicos 2008/2009, 2009/2010, 2011/2012 e 2013/2014 a Universidade da Coruña publicou as catro primeiras convocatorias do Programa Docentia para a avaliación da actividade docente do seu profesorado. A partir destes procesos introducíronse novos cambios que levaron a aprobar unha nova edición do manual deste programa na sesión do Consello de Goberno da UDC do 23 de marzo de 2015.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar a avaliación todo o profesorado da UDC con cinco ou máis anos de experiencia docente no ensino universitario e que ata o momento non fora avaliado neste programa e o profesorado que foi avaliado nas anteriores convocatorias e que non obtivera unha avaliación positiva, sempre que cumpra co establecido no apartado 3 do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*. Non poderá participar nesta convocatoria o

profesorado avaliado positivamente nas convocatorias anteriores, agás o profesorado que ten avaliado o período 2003/2004 a 2007/2008 no Programa Docencia.

Para garantir o desenvolvemento do Programa nas mellores condicións administrativas e de avaliación, o máximo de solicitudes admitidas será de 350. A Comisión Interna de Universidade, en función do número de solicitudes recibidas, determinará o profesorado que será admitido atendendo aos seguintes criterios:

1. Dedicación a tempo completo
2. Ser avaliado positivamente no período 2003/2004 a 2007/2008 no Programa Docencia.
3. Ser avaliado en anteriores convocatorias e non acadar unha avaliación positiva, sempre que cumpra co establecido no apartado 3 do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.
4. Número de horas impartidas en títulos de grao e mestrado universitario no período de avaliación.
5. Equilibrio entre solicitudes/profesorado admitido en cada rama de coñecemento.

PERÍODO QUE SE VAI AVALIAR

Nesta convocatoria avaliarase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos 2008/2009 a 2012/2013.

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Os **obxectivos xerais** que se pretenden alcanzar no proceso de avaliación da actividade docente do profesorado da UDC son:

- Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado no conxunto das actividades que este realiza dentro da Universidade da Coruña.
- Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, aliñada cos criterios de garantía de calidade dos títulos universitarios.

- Favorecer o desenvolvemento do profesorado, a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo á sociedade.
- Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e a súa posible mellora.
- Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos na política de profesorado, como o desenvolvemento de plans de formación.
- Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente e potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua da dita actividade.
- Favorecer a cultura da calidade aliñando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución.
- Cumprir cun dos criterios para a acreditación de títulos e que se recolle no deseño dos sistemas de garantía interna de calidade en cada centro.
- Outros que nun futuro puideren ser de interese para a Universidade.

CONSECUENCIAS DESTA AVALIACIÓN

A UDC, dentro da súa política de profesorado e de mellora das titulacións, declara de xeito explícito que a intención e finalidade con que promove este programa leva consigo as seguintes consecuencias da avaliación da actividade docente:

- a) Elaborar un plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que realizar a avaliación terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC.
- b) Utilizar os datos, por parte dos centros, para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos, e o profesorado, pola súa vez, para os procesos de acreditación, as convocatorias de complementos autonómicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC.
- c) Reducir horas ao profesorado avaliado positivamente polo Programa Docentia durante os cinco cursos académicos seguintes á súa avaliación.
- d) Recoñecemento do/a reitor/a da UDC ao profesorado que obteña o Certificado de Excelencia.
- e) Valorar a avaliación positiva do Programa Docentia como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador

interino e laboral contratado, aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014.

- f) Incluir os resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico 2020 da UDC e incorporar este como indicador de obrigado cumprimento nos plans estratéxicos dos centros da UDC.
- g) Incrementar a transparencia e información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e especialmente entre o estudantado.
- h) Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua en liña cos criterios marcados pola ENQA e aceptados polas Axencias de calidade.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Para participar no Programa Docentia é necesario cubrir a solicitude na aplicación informática dispoñible no enderezo web: <https://www.qdsug.es/docentia/udc> desde o 30 de marzo até ás 23.59 h do día 19 de abril de 2015. Esta aplicación xerará o impreso de solicitude, para participar no proceso, que se entregará na sede electrónica da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol) dirixido ao reitor da UDC, desde o día 30 de marzo até as 14.30 h. do 20 de abril de 2015

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do profesorado admitido a esta convocatoria será realizada pola Comisión Interna de Universidade constituída por:

Presidente: Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

Secretaria: Técnica da Unidade Técnica de Calidade (que actuará con voz pero sen voto)

Vogais:

- Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
- Director/a da Unidade Técnica de Calidade
- Coordinadora da Comisión de Formación e Asesoramento

- Técnico responsable da avaliación docente no Servizo de Informática e Comunicacóns
- Cinco docentes:
 - o 1 da rama de Artes e Humanidades
 - o 1 da rama de Ciencias da Saúde
 - o 1 da rama de Ciencias
 - o 1 da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - o 1 da rama de Enxeñaría e Arquitectura
- Dous estudantes
- Un representante sindical do PDI

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios e o procedemento de avaliación serán os que están recollidos no Programa Docentia, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión do 23 de marzo de 2015.

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou nas extensións telefónicas 1069 e 1052.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado no enderezo web:

http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia

A Coruña, 23 de marzo de 2015

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

PRAZOS EN QUE SE DESENVOLVERÁ A CONVOCATORIA

Do 30 de marzo ao 19 de abril de 2015	Presentación de solicitudes a través da aplicación informática e entrega na sede electrónica e nos rexistros da UDC. NOTA: A aplicación informática pecha ás 23.59 h. do día 19 de abril e a solicitude pódese presentar na sede electrónica ou nos rexistros da UDC até as 14.30 h. do día 20 de abril de 2015
30 de abril de 2015	Comunicación ás persoas solicitantes sobre a aceptación ou rexeitamento da solicitude presentada en que se indicará o prazo de reclamacións.
7/8 de maio de 2015	Xornada formativa dirixida ás persoas admitidas
Do 4 de maio ao 12 de xuño de 2015	A UTC incorpora as evidencias dispoñibles sobre o/a solicitante na aplicación informática.
Do 13 ao 30 de xuño de 2015	As persoas solicitantes revisan as evidencias que incorporou a UTC e presentan reclamación, de ser o caso.
	As persoas solicitantes incorporan as evidencias na aplicación informática e remiten á UTC, en formato electrónico, as copias dos xustificantes.
Do 7 ao 21 de xullo de 2015	Comunicación as persoas solicitantes da aceptación ou rexeitamento das evidencias que reclamou e/ou que incorporou á aplicación informática.
Do 22 ao 31 de xullo de 2015	As persoas solicitantes revisan as evidencias e presentan reclamación ás evidencias que incorporaran, en caso de desconformidade.
30 de agosto de 2015	Comunicación ás persoas solicitantes da aceptación ou rexeitamento das evidencias que reclamou.
Do 1 de setembro ao 14 de outubro de 2015	As autoridades académicas cubrirán os informes de cada solicitante na aplicación informática.
Do 1 ao 30 de setembro de 2015	A persoa solicitante cubrirá o autoinforme de avaliación na aplicación informática.
Do 15 de outubro ao 4 de decembro de 2015	Os comités de avaliación docente levan a cabo o proceso de avaliación de acordo co Programa Docente.
Do 7 ao 15 de decembro do 2015	A Comisión Interna da Universidade enviaralle a cada profesor/a a resolución e, caso de que non estea de acordo coa valoración, reclamará perante a CIU no prazo de 15 días desde o día seguinte á recepción da resolución.